

**INSTANCIA: PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PEÓNS PARA O CONCELLO DE RIANXO**

(Cubrir en maiúsculas todos os campos)

**DATOS DA PERSOA ASPIRANTE:**

D./D. <sup>a</sup>		DNI núm.
Enderezo para notificacións (rúa, núm., escaleira, piso, letra, parroquia)		
Concello e Provincia	Código Postal	Teléfono/s

**EXPOÑO:**

Que desexo participar no proceso selectivo de: (marque o recadro que proceda)	<input type="checkbox"/> PEÓN
--	-------------------------------

A tal fin, ACHEGO a seguinte documentación:

- Copia do documento identificador
- Copia do carné de conducir B, de ser o caso
- Xustificantes dos méritos alegados segundo o establecido no Anexo I (cursos de formación, ...)
- Fotocopia do título do Celga 2, de ser o caso
- Anexo II declaración responsable

Outros documentos:
--------------------

Polo exposto **SOLICITO** que se me inclúa no mencionado proceso selectivo.

Rianxo, \_\_\_\_\_ de marzo de 2019

**Sinatura** da persoa solicitante ou representante  
(achégase autorización asinada ou poder notarial)

## Regulación a ter en conta no proceso

### SISTEMA DE SELECCIÓN:

#### 5.1 OPOSICIÓN (PUNTUACIÓN MÁXIMA: 16 PUNTOS)

A fase de oposición constará de tres exercicios:

5.1.1 Exame tipo test (puntuación máxima: 8 puntos). Este exercicio terá carácter eliminatorio, e, para superalo, será necesario obter, cando menos, a metade da puntuación máxima prevista neste. Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 30 preguntas, con respostas alternativas, durante un período de 45 minutos.

5.1.2. Proba práctica (puntuación máxima: 8 puntos). Só poderán realizar esta proba as persoas aspirantes que superen a proba anterior. A proba práctica consistirá na realización dun roce no espazo que determine o tribunal.

5.1.3 Exercicio de lingua galega: cualificación de APTA ou NON APTA. Este exercicio será realizado por aquelas persoas aspirantes que superasen as dúas probas anteriores e non estean exentas da súa realización, é dicir, que non conten co certificado expedido polo órgano competente.

#### 5.2. CONCURSO (PUNTUACIÓN MÁXIMA 4 PUNTOS)

Nesta fase só se avaliará a aquelas persoas que superen a fase de oposición.

Só serán baremables os méritos adquiridos ata o día, inclusive, da presentación da solicitude ao proceso selectivo. Non se terán en conta os méritos presentados fóra do prazo de presentación das solicitudes de participación no dito proceso.

- 1) Carné de conducir B: 1 puntos
- 2) Cursos de prevención de riscos laborais (de 30 horas ou mais): 1 punto
- 3) Experiencia laboral como peón: 0,1 puntos por mes completo traballado (Máx. 1,5 puntos)
- 4) Coñecemento do galego (só se valorará o de maior puntuación):

1. Celga 3 ou equivalente: 0,25 puntos

2. Celga 4 ou equivalente, ou superior: 0,50 puntos

### REALIZACIÓN DO PROCESO:

- 1) Publicación do anuncio (08/03/2019)
- 2) Presentación das instancias no Rexistro Xeral do Concello no prazo de 5 días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria (ata o día 15/03/2019, incluído). No suposto de presentarse a instancia fóra do rexistro xeral do Concello, a persoa interesada deberá adiantala por fax ao núm. 981.866.628 ou por correo electrónico a [emprego@concelloderianxo.gal](mailto:emprego@concelloderianxo.gal), antes do remate do prazo, para que sexa tida en conta.
- 3) As listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas e a composición do tribunal serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web municipal e na sede electrónica.
- 5) Prazo de reclamacións: 3 días hábiles
- 6) As resolucións das reclamacións, as listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas, o lugar, a data e a hora de realización das probas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web municipal e na sede electrónica.

INFORMACIÓN COMPLETA DO PROCESO: taboleiro de anuncios do Concello, sitio web municipal [concelloderianxo.gal](http://concelloderianxo.gal) e Sede electrónica [sede.concelloderianxo.gal](http://sede.concelloderianxo.gal).